

TRABALLO DA ASIGNATURA PENDENTE DE 1º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA

2ª AVALIACIÓN

A recuperación da asignatura pendente lograrase mediante a realización duns exercicios propostos polo Departamento de Xeografía e Historia que se realizarán en dúas partes, durante a primeira avaliación traballarase a parte de Historia, e durante a segunda avaliación a parte de Xeografía.

Os exercicios teñen un **prazo de entrega** e serán calificados de **aprobado ou suspenso**, para aprobar a asignatura é **imprescindible aprobar as dúas partes**, a de **Historia** e a de **Xeografía**. **Para aprobar**, precísase igualar ou superar a **Nota de 7,5** puntos (o cal implica realizar **moi ben** o **75%** dos exercicios tanto de Historia coma de Xeografía, por separado).

No caso de non entregar os exercicios ou non aprobar, o alumnado ten unha **proba escrita extraordinaria de toda a asignatura o 6 de maio ás 16:30**.

1ª AVALIACIÓN: O prazo de entrega para a parte de Xeografía é o 10 de xaneiro.

2ª AVALIACIÓN: O prazo de entrega para a parte de **Historia** é o **19 de abril**.

EXERCICIOS de HISTORIA

TEMA 1. A PREHISTORIA (2 puntos)

1. (0,5 puntos) Marca cun X según corresponda ao Paleolítico (P), ao Neolítico (N) ou á Idade dos Metais(M)

	P	N	M
· As persoas vivían en aldeas	–	–	–
· Vestían con peles	–	–	–
· Usaban muñños de man	–	–	–
· Usaban torques de ouro	–	–	–
· Alimentábanse da caza	–	–	–
· Realizaban pinturas esquemáticas	–	–	–
· Fabricaban cerámica con torno	–	–	–

2. A que chamamos pintura rupestre? Escribe dúas diferenzas entre a pintura paleolítica e neolítica. (0,5 puntos)
3. Que pobos mediterráneos fundaron colonias na Península ibérica? Menciona o nome de tres colonias. (0,5 puntos)
4. A que se debe o nome de cultura castrexa? En que área xeográfica se desenvolveu? Que tipo de obxectos apareceron nos xacementos castrexos? (0,5 puntos)

TEMA 2. EXIPTO E MESOPOTAMIA (2 puntos)

1. Indica as etapas da historia do antigo Exipto (nome e cronoloxía) e sitúa o nome de catro faraóns na súa época. (0,5 puntos)
2. Debuxa unha pirámide e sitúa nela os diferentes grupos sociais. Quen eran os escribas e por que ocupaban esa posición na pirámide? (0,5 puntos)
3. Indica se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións: (0,5 puntos)
 - A cobra e o voitre eran os animais sagrados do baixo e alto Exipto respectivamente
 - O río Nilo desbordábase unha vez ao ano e regaba os campos de cultivo
4. Explica a importancia dos ríos Tigris e Éufrates e como se desenvolveu a vida na Antiga Mesopotamia. (0,5 puntos)

TEMA 3. GRECIA ANTIGA (2 puntos)

1. Que foron as Polis Gregas? (0,5 puntos)
2. Cales son as etapas da Historia Antiga de Grecia? (0,5 puntos)
3. Que aspectos da arte grega foron os máis importantes? Cita tres obras: dúas esculturas e unha arquitectura. (0,5 puntos)
4. Quen foi Alexandre Magno e que fixo? Cando? (0,5 puntos)

TEMA 4. ROMA ANTIGA (2 puntos)

1. Cales foron as etapas máis importantes da Antiga Roma? (0,5 puntos)
2. Como foi a sociedade da Antiga Roma? (0,5 puntos)
3. Como eran as cidades da Antiga Roma? Cita unha cidade de Hispania e outra de Gallaecia. Indica que infraestruturas foron as máis importantes que nos deixaron os romanos. (0,5 puntos)
4. Cales foron os aspectos da arte romana máis importantes? Cita tres obras: un circo, un teatro e unha escultura. (0,5 puntos)

TEMA 5. FINAL DO IMPERIO ROMANO E IMPERIO BIZANTINO (1 punto)

1. Cando finaliza o Imperio Romano e por que? Cando e por que se divide? En que partes? (0,25 puntos)
2. Quen foron os pobos bárbaros e cales entraron na Península Ibérica? E en Galicia? Quen foron os reis máis importantes e que fixeron? (0,25 puntos)
3. Como se formou o Imperio Bizantino? Quen foi Xustiniano e que logros levou a cabo? (0,25 puntos)
4. Cando finaliza e por que o Imperio Bizantino? (0,25 puntos)

- Na tumba de Tutankamón apareceu todo o enxoval intacto
 - Todos os restos que coñecemos de Exipto apareceron nas tumbas
 - Os templos exipcios estaban precedidos por unha avenida de esfinges
5. Que civilizacións ocuparon Mesopotamia na antigüidade? Por que pasou Hamurabi á Historia?
6. Indica cun E se corresponde a Exipto e cun M se corresponde a Mesopotamia:
- A súa escritura chámase xeroglífica
 - Escribían sobre tabliñas de arxila
 - O material de construción era o adobe
 - As fachadas dos seus templos estaban formadas por dous pilonos
 - O zigurat destacaba nas súas cidades
 - O interior das tumbas estaba decorado con pinturas
 - Deixaron abundantes relevos que representaban a caza do león